

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN EUROPEA PARA A XUVENTUDE GALEGA.

En Santiago de Compostela, a 30 de xuño de 2016

REÚNENSE

Dunha parte, don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 126/2015, do 4 de outubro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 129/2015, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991), que a habilitan para a sinatura de convenios.

E doutra, don Jesús María Gamallo Aller como director da Fundación Galicia Europa, que intervéñen neste acto por conta e en representación da mesma, segundo recollen os seus estatutos, elevados a escritura pública perante o notario de Santiago de Compostela don José Manuel Amigo Vázquez, o vinte e oito de xaneiro de dous mil dezaseis, co número cento oitenta do seu protocolo, tendo a Fundación o seu domicilio na rúa do Hórreo, nº 61, código postal 15701 de Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 4.1.c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Segundo.- Que a Fundación Galicia Europa creouse ao amparo do artigo 34.1 da Constitución española e se rexe pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, sobre réxime das fundacións de interese galego e normativa de desenvolvemento. Foi declarada de interese galego pola Orde do 24 de maio de 1988 e resúltalle de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Fundación, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, ten entre os seus obxectivos, contribuír á formación europea, tanto inicial como continua, dos/as mozos/as galegos/as e difundir información de interese para a sociedade galega sobre a Unión Europea e as súas actividades.

Terceiro.- Que a Fundación Galicia Europa habilitou en Santiago de Compostela, un local para o establecemento dunha oficina destinada á información e documentación europea para a mocidade. Esta oficina é unha ferramenta ao servizo de calquera mozo ou moza que teña un proxecto europeo, sendo ao mesmo tempo un espazo aberto ás organizacións comprometidas con accións de dimensión europea vencelladas á xuventude. Ten esta oficina como funcións a información, documentación e a elaboración de recursos, coordinación de experiencias, así como axudar na busca de copartícipes europeos. Trátase dun centro idóneo para unha maior implicación de Galicia nos programas comunitarios de interese para a mocidade.

Cuarto.- Que a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude segundo o disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Polo que ao abeiro do establecido no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, no seu Título V e no Capítulo II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, sobre a Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, a dita rede terá como obxectivos asegurar que as prestacións de servizos de información xuvenil desenvólvense en condicións axeitadas, garantir a difusión de información xuvenil ampla e actualizada en todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como favorecer a implantación dos mecanismos de información precisos para posibilitar a igualdade de oportunidades entre a xuventude galega.

Quinto.- Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é a responsable da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, para a consecución dos obxectivos propostos no Título V do citado Decreto 50/2000 e no Capítulo II da Lei 6/2012, e considera esencial o apoio á realización por parte da Fundación Galicia Europa, das actividades que informen e asesoren á mocidade sobre as medidas europeas en materia de xuventude.

Sexto.- Que como medida para afrontar a demanda de información sobre Europa e a multiplicación de iniciativas xuvenís en materia de mobilidade, intercambios, cómpre o establecemento de accións que dean resposta de maneira axeitada ás demandas dos mozos e mozas, establecendo unha estreita coordinación coas canles de información establecidas na Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

Sétimo.- Que dado o carácter nominativo da subvención a favor da Fundación Galicia Europa nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, non é posible promover a concorrência pública.

Oitavo.- Que a Fundación Galicia Europa presentou unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais.

Noveno.- Que a Fundación Galicia Europa presentou unha declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Por todo isto formalizan o presente convenio con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e maila Fundación Galicia Europa para a realización das actividades de información, documentación e asesoramento á xuventude galega, que demandan información sobre Europa. Ditas actividades levaranse a cabo en coordinación co Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, unidade adscrita á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado encargada do desenvolvemento e coordinación das actividades de información en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.- Crédito orzamentario

A achega financeira ao citado convenio, no que atinxe á Consellería de Política Social, establécese en corenta e dous mil cincocentos euros (42.500 €), con cargo á partida orzamentaria 12.05.313A.443.02, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, para o funcionamento da citada oficina habilitada pola Fundación Galicia Europa e que se menciona no expoñendo terceiro, para efectuar os labores de información, documentación e asesoramento da mocidade galega nos asuntos europeos.

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que puidera obter o beneficiario procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de

organismos internacionais. Non obstante, e en todo caso, o importe global de todas as axudas que se obteñan non poderá superar o custo efectivo da actividade.

Terceira.- Xustificación e pagamento

Poderán acordarse pagamentos parciais, a medida que o beneficiario xustifique o gasto aplicable ao convenio, mediante a achega de facturas, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retencións do imposto da renda das persoas físicas e documentos similares, ata unha porcentaxe do 80% da contía concedida, librándose o 20% restante no momento da xustificación final.

Para estes efectos considerárase como gasto efectuado o efectivamente pagado, é dicir, do que se acredite o seu pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario, segundo o establecido no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Acompañarase unha certificación expedida polo director da Fundación Galicia Europa, da realización das actividades e o gasto derivado delas.

Achegarase, así mesmo, a declaración do conxunto de todas as solicitudes aprobadas ou concedidas para a mesma acción das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, sociedades ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais así como a declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Esta documentación deberá remitirse con cada xustificación parcial e, en todo caso, coa data límite do 30 de decembro do exercicio en curso.

Coa xustificación final o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable nos termos do artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Cuarta.- Vixencia

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2016. Non obstante, e dada a súa finalidade, poderán subvencionarse con cargo ao mesmo actividades e funcionamento da oficina desde o 1 de xaneiro do 2016.

Quinta.- Supervisión e control

A Fundación Galicia Europa someterase ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Política

Social, tanto no relativo ao desenvolvemento das actividades de información e documentación europea para a mocidade como á súa xestión e tramitación administrativa e documental, realizadas polo persoal designado para o efecto, así como facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Sexta.- Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

Sétima.- Obrigas

A Fundación Galicia Europa deberá cumprir os requisitos do artigo 10 e as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Deberá igualmente subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Comisión de seguemento e control

Constitúese unha comisión de seguimento e control, que vai levar a cabo as funcións contempladas no presente convenio e, en especial, as de supervisión e avaliación das actuacións nel recollidas.

A comisión estará composta por un representante de cada unha das entidades asinantes do convenio. A referida comisión estará presidida pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Décima.- Relacións contractuais ou laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e empregados da Fundación Galicia Europa que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Inclusión no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e confidencialidade de datos

A sinatura deste convenio leva implícita a autorización da Fundación Galicia Europa para a inscrición no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e a súa publicación, de conformidade co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS)

Os datos de carácter persoal dos titulares de expedientes de axudas, subvencións e convenios que consten nos rexistros, estarán protexidos segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Décimo segunda.- Publicidade no Portal da Transparencia e Goberno Aberto

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Décimo terceira.- Lexislación aplicable e xurisdición competente.

O presente convenio terá carácter administrativo, rexendo os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan xurdir, así como no que lle sexa aplicable polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

No presente convenio de colaboración correspóndelle á Consellería de Política Social, a prerrogativa de interpretación do mesmo e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos adoptados neste caso inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio de colaboración serán resoltas polo conselleiro de Política Social, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, que poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditara ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Para estes efectos o Tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLA CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
O conselleiro**

**POLA FUNDACIÓN
GALICIA EUROPA
O director**

Asdo.: José Manuel Rey Varela

Asdo.: Jesús María Gamallo Aller